



*Revista Galega
do Ensino*

Ano 13 • 2ª época • Nº 46 • Xullo 2005

Recensións

RGE

Autores: NAVAL, C., LARA, S.,
PORTELA, I. e SADABA, C.
Ano: 2002
Título: *Impacto de las tecnologías
de la comunicación en la
juventud navarra 2001*
Lugar: Navarra
Editorial: Gobierno de Navarra.
Instituto Navarro de
Deporte e Xuventude

Impacto de las tecnologías de la comunicación en la juventud navarra 2001 é un estudo que delimita o valor potencial das novas tecnoloxías no ámbito da educación e, como afirma Touriñán (2004), que trata de coñecer os medios e aprender coa súa utilización. A investigación presente mantense no primeiro nivel de coñecemento, o “estado da cuestión”, para chegar logo a configurar estes novos recursos no labor de intervención na educación. Neste sentido, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) han de entenderse como ferramentas pedagóxicas ao servizo do profesor, debendo converterse en guía e instrumento que favoreza a aprendizaxe significativa do alumno, facendo referencia ao propio proceso de aprendizaxe. Tempo e esforzo son variables imprescindibles para aprender a utilizar as tecnoloxías.

Algúns datos de interese científico e profesional das autoras desta obra ofrécense deseguido: Concepción Naval é Doutora en Filosofía e Cien-

cias da Educación e profesora de Teoría da Educación na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Navarra. Dende o 2001 é vicerreitora de Infraestruturas e Innovación Educativa na mesma universidade. Dirixe dende o ano 2000 a colección de Ciencias da Educación da editorial EUNSA e a revista *Estudios sobre Educación*. Publicou numerosos libros e artigos no ámbito da educación. Actualmente, con temas preferentes como a educación para a cidadanía e educar para a participación social.

Sonia Lara é Doutora en Filosofía e Ciencias da Educación e profesora adxunta de Metodoloxía didáctica e prácticum nas titulacións de Pedagogía e Psicopedagogía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Navarra.

As súas áreas de traballo céntranse na tecnoloxía educativa, onde se ocupa da formación do profesorado en novas tecnoloxías da información e da comunicación, e en educar para a participación social.

Idoia Portilla é Doutora en Ciencias Económicas e Empresariais e profesora de Estatística e Investigación de mercados na licenciatura de Publicidade e Relacións Públicas da Facultade de Comunicación da Universidade de Navarra.

Publicou diversos traballos nas áreas de Análise de Audiencias e Consumo de Medios, especialmente sobre Internet e televisión. Ademais, colabora no proxecto de investigación Impact of the Internet on the Mass Media in Europe, financiado pola Unión Europea.

Charo Sadaba é Doutora en Comunicación Pública e profesora de Novos medios publicitarios, Mercadotecnia interactiva e Proxectos publicitarios na Facultade de Comunicación da Universidade de Navarra. É subdirectora do laboratorio de comunicación multimedia da Facultade de Comunicación e membro investigador e representante español do comité de xestión do proxecto Impact of the Internet on the Mass Media in Europe.

Para estudar e analizar o binomio xuventude e novas tecnoloxías (NNTT) na comunidade navarra implícanse neste traballo o Departamento de Educación, o Vicerreitorado de Infraestruturas e Innovación Educativa, diferentes profesionais do mundo da comunicación e economía da Universidade de Navarra e o Instituto Navarro de Deporte e Xuventude.

Na base desta investigación asúmese que a poboación nova é un

grupo social activo e dinámico porque, dende o seu proceso de crecemento e maduración, crea contribucións para a sociedade na que lle tocou vivir. Aínda que, por outra parte, o futuro desenvolvemento e a transformación da sociedade nas áreas económica e social depende, á súa vez, da incorporación das NNTT á vida produtiva e aos ámbitos sociais da súa poboación. Dende estas concepcións buscan analizar e coñecer o papel dos mozos navarros ante as TIC e apreciar cal é o grao de implantación das NNTT entre os mozos de 15 a 29 anos no referente a utilidade e valoración. Para iso, confecciónase a enquisa Novos Navarros e TIC 2001 que se pasou a 708 suxeitos en setembro de 2001 como unha enquisa persoal.

A obra *Impacto de las tecnologías de la comunicación en la juventud navarra 2001* divídese en catro capítulos, reflexións-conclusións, anexos, listaxe de gráficos e referencias bibliográficas.

O obxectivo do capítulo primeiro é coñecer o contexto de acceso dos mozos navarros ás TIC. Determínase que na posesión e uso das TIC inciden os seguintes elementos, que facilitan ademais a súa implantación: a consideración social, o factor económico das familias ou dos mozos con independencia económica, o nivel de infraestruturas (aparatos tecnolóxicos) e o marco legal xeral e o da comunidade navarra.

O segundo capítulo presenta un perfil sociodemográfico dos mozos enquisados a través de pirámides, figuras e gráficas relativas a sexo e idade, estado civil, nivel de estudos e traballo, convivencia e ingresos, valores e actividades de lecer.

Coñecer o uso das TIC é a finalidade que se persegue no capítulo terceiro, onde, dende unha perspectiva cuantitativa, se rexistran os equipamentos tecnolóxicos, accesorios e produtos tecnolóxicos imprescindibles, así como a frecuencia de utilización, é dicir, o grao de dispoñibilidade, uso e consumo dos equipamentos.

Unha vez coñecidos os elementos cuantitativos, é a quenda da valoración que a xuventude navarra dá ás TIC, e polo tanto, a análise cualitativa da NNTT dende a perspectiva social e laboral, o que se recolle no capítulo cuarto. Tocante ao tema, conclúese que existe unha ampla pluridimensionalidade nas valoracións, dado que as opinións están moi divididas. En xeral, valoran positivamente as TIC en si mesmas e na súa relevancia no campo profesional, pero o grao de dispersión de resposta reflíctese cando xulgan cal é o impacto positivo ou negativo na sociabilidade. É dicir, nas esferas do desenvolvemento persoal, relacional ou de convivencia, así como na súa opinión sobre o *continuum* progreso-regresión. Un número alto de suxeitos asume como tendencia de resposta, que exercen un impacto positivo

e son un signo de progreso e un grupo menor sitúase no lado oposto; outros, expresan que as vantaxes-desvantaxes das TIC estarán determinadas polo uso que se faga destas, polo tanto, identifícanas como “instrumentos útiles”.

Na segunda parte do capítulo, establécese unha conexión entre as valoracións e o perfil sociodemográfico da poboación enquisada. Algúns dos elementos que destacan as autoras son: os rapaces adoitan ser máis radicais que as rapazas, os mozos navarros presentan certo grao de desestruturación nas opinións vertidas sobre as TIC, posto que existe un nivel de confusión conceptual en canto ao tema das NNTT en relación á idade. A medida que aumenta esta variable, as valoracións son máis negativas e acentúase o carácter instrumental.

Arredor das liñas de cambio e a implantación tecnolóxica na poboación xuvenil navarra, as reflexións finais ou conclusións que se poden tirar do estudo son:

1ª. Constátase un forte impacto das NNTT neste grupo social.

2ª. A implantación das TIC estende o seu efecto a diferentes ámbitos (económico, social, político, cultural, etc.) e a unha relación espazo-temporal con vertixinosas transformacións.

3ª. Existe un amplo interese por se incorporar ao proceso tecnolóxico.

4ª. Debe terse en conta que a disxuntiva entre novas e velhas tecnoloxías colócanos ante a necesidade dun

«proceso de converxencia» entre todas as tecnoloxías da información e comunicación e ante ao grao de coñecemento tecnolóxico dos usuarios.

5ª. Falar do proceso de comunicación facendo referencia ás NNTT, centra o debate entre a comunicación unidireccional –cando os produtos se dirixen a consultar páxinas, ler o texto, etc.– e a intercomunicación ou comunicación bidireccional –cando identificamos teléfonos, foros, chats, correo electrónico...– segundo a tecnoloxía empregada. A cuestión deu lugar a falar do «paradigma da interactividade», centrado en sinalar que o “ideal tecnolóxico da interactividade” responde a un nivel alto de converxencia doutras tecnoloxías cara a Internet.

6ª. Á hora de determinar cal é a achega específica das NNTT, as opinións diverxen entre a velocidade, a inmediatez, a ubicuidade, a dispoñibilidade, a innovación, etc. E así, responder ao para que da tecnoloxía, condúcenos novamente á súa utilización para a comunicación e a ser recoñecidas como un elemento mediador desta.

7ª. A incorporación das NNTT abre tamén paso ao universo dos datos, arquivos e información. Faise fincapé en que só se está realmente ben informado cando se desenvolve o «sentido crítico dos usuarios», é dicir, cando se dispón de capacidade para contrastar datos e informacións entre todo o universo que se xera na rede. Esta capacidade de cotexar, estruturar e analizar os

datos é, en realidade, unha construción intelectual ou cognitiva que se inclúe nun proceso máis amplo de desenvolvemento persoal.

8ª. O enigma ético da educación ante as NNTT maniféstase cando a cuestión se centra nos intereses, prioridades e valores da sociedade. O asunto é que sociedade queremos construír. Así, dende parámetros democráticos, participativos e solidarios, entendemos que a dimensión ética depende directamente dos criterios de utilización que determine cada usuario.

9ª. Presentar o influxo das NNTT no sistema educativo lévanos ao reto didáctico da escola, máis alá da mera incorporación das tecnoloxías e do adestramento no seu emprego. A innovación educativa auténtica está no desafío pedagóxico dos mass-media, cando busca humanizar e descubrir o home en cada home.

O interese profesional e científico do estudo da Comunidade Foral de Navarra para dar a coñecer o grao de implantación das NNTT entre os mozos pon de manifesto, dende unha determinada realidade sociocultural e económica, que aínda que o proceso de implantación das TIC é moi veloz, podemos configurar o reto dixital na educación. E isto como unha necesidade que esixe xerar unha formulación educativa para presentar e valorar, configurar o significado da incorporación das TIC como vías de coñecemento, comunicación, información e entrete-

mento. Así, a escola e a educación teñen que patrocinar a posibilidade de preparar os individuos para a innovación. A formación ten que transformarse e cambiar co fin de adaptarse as novas necesidades e condicións. Este reto atenderá, polo tanto, a unha nova organización escolar que se axuste a unha acepción distinta de aula e de formación. Para que este acordo sexa real, hase de atender ás infraestruturas, ao grao de coñecemento da poboación, á adaptación dos sistemas de educación e formación, á sociedade de coñecemento e ás TIC, como vía garante da «alfabetización dixital».

A Sociedade da Información xera uns cambios cuxas consecuencias non foron suficientemente avaliadas dentro do ámbito escolar; pero é obvio afecta ó sistema educativo de tal xeito que a aprendizaxe flexible e a distancia en ámbito virtual convertese en obxectivo de desenvolvemento estratéxico. Unha vez localizadas as cuestións sobre cal é papel dos mozos ante as TIC, o paso seguinte para a comunidade navarra, en particular, e para o resto do país, en xeral, será a integración das NNTT no proceso de ensino-aprendizaxe.

M^a del Carmen Gutiérrez Moar
Universidade de Santiago de Compostela